



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL E A ASOCIACIÓN "SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI"
PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2018.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o desenvolvemento do programa Vacacións en Paz, que ten como obxectivo xeral trasladar a 84 nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses do período estival acollidos por familias galegas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Traslado a Galicia, de xeito temporal, de 84 menores saharauís procedentes de campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria), ofrecéndolles a posibilidade de coñecer modos de vida distintos ao clima de guerra no que están inmersos acotío de xeito que iso contribúa á súa formación persoal, e enriqueza as súas formas de comunicación e entendemento.

Sexto.- Que en consecuencia, e tendo en conta os obxectivos perseguidos co programa "Vacacións en Paz", cabe soste que esta actuación constitúe un obxectivo prioritario no marco da planificación económica en materia de cooperación para o desenvolvemento, e correspóndelle á Consellería de Política Social participar no seu desenvolvemento, ao abeiro do establecido no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Tamén se considera un obxectivo prioritario para esta consellería o fomento dos acollementos familiares como medida de protección para os/as menores, e considerase que a Asociación





Solidariedade Galega co Pobo Saharauí colaboraría neste obxectivo mediante a súa difusión ás familias participantes por ser un colectivo especialmente sensibilizado coas necesidades dos/das menores.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar destes menores. O artigo 8 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, establece que existen ámbitos de actuación preferente onde concentrar os recursos de cooperación, entre os que se atopan as accións positivas "en defensa dos grupos de poboación máis vulnerables, con especial incidencia na infancia, os refuxiados, os refuxiados políticos desprazados, os retornados, as minorías étnicas e as comunidades indíxenas entre outros".

De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de Cooperación para o Desenvolvemento, a cooperación galega para o desenvolvemento pode ser executada pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou a través de organizacións non gobernamentais, e a Comunidade Autónoma de Galicia poderá conceder subvencións, subscribir convenios ou articular calquera outra forma regrada de colaboración cos axentes de cooperación para a execución de programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento, sempre que estes teñan carácter non lucrativo e que aqueles dispoñan de estruturas e experiencia para a súa execución.

Por outra banda, segundo o artigo 18 da mesma lei, os departamentos que leven a cabo actuacións de cooperación para o desenvolvemento no ámbito das súas respectivas competencias deberán adecuarse ás directrices básicas do plan director e ás dos plans anuais.

O IV Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2020, establece unha serie de prioridades xeográficas, transversais e sectoriais, entre os que se atopa a continuidade do traballo coa Poboación Saharauí entre outras.

No Plan Anual 2018 da Cooperación Galega recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do goberno galego para este ano, de acordo coas orientacións establecidas no devandito Plan Director e describe os compromisos xa adquiridos ou previstos pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, co seu correspondente orzamento, sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia entre os que se encontra a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,





poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación cuxa valorización se realizará ao final do exercicio.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharuí na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración.

Considérase polo tanto idónea a esta Asociación para a execución de dito programa pola a súa experiencia contrastada ao longo destes anos de colaboración e desenvolvemento do programa “Vacacións en paz”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a _____.

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

